



A LINGUA DO CORVO

Asociación Sociocultural, Deportiva e Xuvenil de Meiro

Nº 2

MARZO 2004



Doazón: 3 €



A verba do corvo


De novo por estas datas vémonos na aldea de Meiro coa ledicia de ve-los dous exemplares que saíron á rúa e coa ilusión por esta nova publicación.

Esperamos que disfrutedes coa artigos desta revista, que tenta ser algo máis que un conxunto de letras plasmadas sobre o papel, amosan pensamentos, sentimentos, un anaco do ser e vivencias ó redor da vida mesma.

O tempo non se detén con ninguén. Para estar hoxe de novo xuntos tivemos que completar todo o ciclo do millo corvo: no abril a sementeira e ó longo do ano as distintas fases do seu cultivo: cava, renda e con sorte si o xabarín non arrasa con todo, como ten acontecido na aldea con algúns veciños que non lles deixaron un milleiro en pé, nós tivemos “sorte” por non estar entre eses casos, pero tamén nos chegou ben, levamos varios anos sufrindo os ataques deses famentos porcos, este ano a merma é sobre un 40%. Así non hai quen traballe, ¿para que?, din por aquí, si traballas e non podes recoller. Con razón, nós sabemos a desesperación que da ver todo o traballo do ano polo chan.

Como dixen antes, tivemos sorte e puidemos continuar coa seguinte fase: corta, empalleirado, esfollada e a tarefa que nestas datas estamos a desenvolver: debullada, muiñada e para rematar o ciclo do pan: amasado e cocido da bola corva de porta aberta.

Dende a fiestra de Meiro, aos veciños desta aldea e doutros lugares así como tamén ós profesores e alumnos que compartiron o traballo e a ilusión polo Rexurdir do Millo Corvo, graciñas e a disfrutar do VI Encontro Degustación do Millo Corvo.



Destrozos do xabarín. Foto: Gonzalo Núñez

Marzo de 2004.



Pregón do V Encontro Degustación do Millo Corvo

X.L.Méndez Ferrín

Miñas señoras e meus señores, pobo de Meiro, de Bueu, do Morrazo enteiro e doutros países de Galicia e do mundo que hoxe acudides a glorificar, en comunión laica, ese don que é a fariña que produce o millo corvo.


Moitas son as razóns que poden mover os homes, as mulleres, os rapaces e os pequenos a se xuntaren para celebrar o que chamamos festa. Razóns familiares, relixiosas, políticas, conmemorativas. Esta que hoxe ten lugar en Meiro é a cerimonia de lealdade co pasado. Xuntádesvos, arredor do millo negro, do millo humilde das terras altas do Morrazo, e ao vos dardes as mans entre vosoutros estades a apertar as mans dos vosos devanceiros, dos antepasados que araron a terra cos seus bois (ou cos dos outros), que sementaron, apañaron as mazarocas ou espigas, espalláronnas, acomodáronnas nos ornos ou canastros, debulláronnas e moeron ese gran de acibeche na longa e leda noite da muiñada. Vós repetides os movementos, os xestos dos maiores e trasmitídesllos eses xestos aos máis pequenos e así ides formando unha cadea que é capaz de vencer a morte. Facedes hoxe en Meiro, Bueu, como facían os vosos defuntiños e o día de mañán, cando sexades vós defuntos, eu espero que han de vir outros que fagan coma vós.

Convértese así a festa do millo corvo nunha cerimonia da identidade. A verdadeira identidade é a que nos uno aos que estamos aquí arredor dun signo ou dunha práctica que nos é propia, si, pero tamén a que nos fai sentir solidarios cos signos e traballos do pasado e mais cos do porvir. Facendo así como vos digo, somos en parte capaces de vencer a morte e de nos sobrevivir no tempo.

Meiro, recuperando os traballos e os días do millo corvo é un exemplo para todos os lugares, parroquias, barrios, vilas e cidades de Galicia. Todas deben buscar e atopar o seu millo corvo, a súa trabe de ouro.

Inda que só fora unha festa de identificación local, esta que hoxe ten lugar resultaría ben útil, pois necesitamos festas e convivios e ceremonias que robustezan os nosos lazos comunitarios fronte á tendencia perversa ao individualismo que cada vez domina máis no mundo gobernado polo capitalismo inhumano. Necesitamos convivencia e fraternidade e non competencia e cainismo, que é o que reina no planeta terra para o mal dos máis e proveito dos poucos.

Pero hai máis aínda nesta festa. E elo é o seu carácter innovador no plano da renovación gastronómica de Galicia. Neste sentido, a fariña milla desta variedade ou caste que aquí se conserva é un ben económico tanxíbel e contábel. Cando a agricultura ecolóxica e a procura do diferente e xenuíno son tendencias cada vez máis fortes en alimentación, xorde a fariña do millo corvo, moída en muiño de auga, peneirada como é debido á man, coma un produto de selección superior. O pan ou boroa, as empanadas (poden ser feitas sen máis ingrediente alleo a Bueu ca o aceite), os



biscoitos e outros doces, abren a gama infinitamente ampliábel dos manxares que teñen como baseo humilde, saboroso, encantador millo corvo.

Cada vez máis a sona destas delicias extenderase polo mundo e virán os estranxeiros de toda a parte a Bueu chamados, ademais de polas excelencias dos seus viños albariños e tintafemias e dos seus peixes e mariscos polo pan, a empanada e os doces feitos de millo corvo.

Esta festa de cultura gastronómica debería ser, polo tanto, declarada de utilidade pública e difundida aos catro ventos do mundo cos medios de propaganda de que dispón o noso século. Os poderes públicos locais e galegos non terían labor máis nobre que facer.

Polo momento, habería que dicir, coma no poema de Anxo Angueira (referido a un valado comunal na terra de Iria): "E fanno eles!". Eles, SOS, sen moita ou case sen axuda das alturas. Fan a festa e so traballos eles, aínda que lles acaia máis por peso, elas, porque mulleres son as mais da organizadoras membros da Asociación Sociocultural Deportiva e Xuvenil de Meiro, Bueu. Son Seso, María, Sandra, Miluca, Carmiña, J. Ramón, Merita, Genucha e... Victoria.

Todas e todos, valentes, organizados, alegres, positivos, van, ano tras ano, levando avante con todo este lindo barco que é a Festa do Millo Corvo.

Aínda que a min me toque facer pregón nuns días terribes, nos que a humanidade sofre o castigo da guerra imperialista contra o pobo e o goberno de Iraq, e o sangue e a angustia comoven ás xentes de ben, non por iso debemos perder a Esperanza nun mundo verdadeiramente xusto e pacífico.

O encontro e a convivencia de hoxe en Meiro ten que ser unha contribución a esa xustiza, a esa paz, a esa igualdade, a esa liberdade que algún día teremos os humanos.



Sementando algo mais que millo. A experiencia do millo corvo e as escolas unitarias.

Merchi, Pilar e Rosa

Nun intento de plasmar as experiencias das Escolas Unitarias de Cimadevila, Valado e Meiro ao redor do cultivo do millo corvo, as profesoras constatamos un punto de partida común: sentírnos contaxiadas pola ilusión deste proxecto que con tanto acerto ven desenvolvendo a Asociación Cultural, Deportiva e Xuvenil de Meiro. Un proxecto que tan ben conecta con as perspectivas educativas destas escolas enraizadas, polas súas características (entornos pequenos e non masificados, proximidade á familia, posibilidade de convivencia entre nenos/as de diferentes idades...) con un modelo de escola que favorece a aprendizaxe sustentada na afectividade e nas experiencias naturais e sociais. Queremos estimular aos nenos e nenas para que investiguen, descubran, pregunten e teñan unha conciencia crítica do que ven, do que escoitan...

Por iso non dubidamos de acudir desde o primeiro convite para participar no ciclo do millo corvo. A emoción dun desprazamento a pé, en coches particulares

ou en coche de liña, fai crear unhas expectativas de aventura, de descuberta, de encontros con os amigos/as das outras escolas e con Vitoria e Sandra sempre atentas para recibírnos e guiarnos até a veiga. Así, ano tras ano, acudindo a todas as labouras, fixémonos expertos/as en millo corvo e sabemos o traballíño que costa chegar até a elaboración da bola corva. Mais tamén sabemos de xogos, merendas e diversións compartidas.

Daquela, cando propomos nas nosas escolas unha conversa sobre estas experiencias, as respostas dos nenos/as son rápidas e espontáneas:

—"O millo corvo vale para facer fariña e para facer casiñas de carozo: Así e así, así e así (xestos de ir construindo unha torre de carozos)...unha casiña coma un palleiro, haino que facer ben dereito."

—"O millo cómenno os corvos (e tamén ás gaiotas apunta alguén) e os ratos, eses sí que chupan todo."

—"Para que non o coman hai que gardálo no forno"

—"E pode vir o xabarán que come e rompe o millo"

UN SEMENTOU MILLO CORVO
OUTRO CORTOU E EMPALLEIROU
OUTRO ESFOLLOU E DEBULLOU
ESTE OUTRO MOEU E COCEU
E O GORDO GORDINO
COME UNO TODO TODIÑO



Con o Espantallo amigo que coitou o millo,

– "Sí, o xabarin , igual cólleo e tírao polo airo e máis se lle gusta cómeo"


–" E máis pode vir un cazador e cazar o xabarin."

Tamén lembran de historias coma esta que nos contou o Ruso, sempre alegre e faladeiro, que nos deixou con a boca aberta falándonos daquela vez que foi capaz de bailar con 4 mulleres enriba (unha en cada pé e outras 2 nos costados). Ou aprenden como cocian noutros tempos en fornos de pedra, polo sistema de porta aberta como nos mostra a Señora Pepa con moita paciencia e agarimo.


Despois veñen os xogos e enredos como os que facían os abós e aboas. A señora Carmen é unha experta e vainos aprendendo algún como as bonecas con espiga e follaco, os animais con as canas, os cabaliños para trotar, os Matagatos...Nós tamén inventamos outros como o xogo con mans e o caderno viaxeiro .

Coidamos que o mellor recoñecemento que podemos facer as mestras ao labor da A.C.D.X. de Meiro é transmitirvos o que levades sementado, deixándolle a palabra aos nenos/as:

"Que é o que mais vos gusta do millo corvo?"




O matagatos tírase polo airo e sempre cai de pé.



GALLARDO E CABANO

GALLARDO E CABANO




"Facer unha montaña grande con as espigas", "coller o millo corvo e traballar para facer paleiros", "traballar con os amigos", "a festa do carro porque vou como na carretilla do meu pai", "levar o betadine por se tropezamos con algo", "o autobús do Millo Corvo porque é tan alto como o da miña tia", "o meu traballo preferido é o do muiño porque é moi divertido esperar que o pan enfríe", "coller flores", "mexar detrás do paleiro", "debullar", "tumbarme na palla que non ten espiga", "o pan", "correr por onde non hai espigas nen canos", as espigas, " comer o chourizo que nos dan despois..." Algúns con caras de pillabáns comentan: - "E papámoslle todo o chourizo"



Moito lles prestou...E a nós tamén.

Merchi, Pilar e Rosa son mestras nas Escolas Unitarias de Cimadevila de cangas, e o Valado e Meiro de Bueu.

MANU



PEDRO





A afección ó patrimonio das obras da Vía Rápida do Morrazo

Manuel Ríos González

As obras que se están a realizar da vía rápida do Morrazo, ademais de seren un absurdo e unha ilegalidade, dende o seu comenzo ata o remate das mesmas, pasan por enriba da Lei 8/1995 de 30 de outubro do Patrimonio Cultural de Galicia, que se creou para defender o rico e amplo patrimonio que temos, e que confire poderes tanto ás administracións locais, coma provinciais e autonómicas para que os desenvolvan co fin de garantir a protección dos Bens Culturais da comunidade.

Así pois si nos achegamos as ditas obras podemos comprobar como non fan discriminación no seu monstruoso avance, e vemos como profanan e destrozan castros (Montealegre en Domaio), asentamentos, algúns de máis de catro mil anos (Regueiriño e Devesa de Abaixo en Domaio, Zona Arqueolóxica dos Remedios en Tirán, Abrigos de Monte da Pena en Moaña, Os Laguiños, O Cural en Cangas...) e petroglifos (Devesa do Rei e Rega Pequena en Meira, Gondarán en Cangas,...), aparte doutros moitos que quedan afectados no seu contorno.


Pero si Moaña e Cangas teñen afeccións sobre o patrimonio, ó concello de Bueu tamén chega esta barbarie posto que leva parte do Castro Liboreiro que a día de hoxe cortáronlle a súa falda e leváronlle parte da súa biblioteca (petroglifos que se atopaban na ladeira); Castro dende o cal noutrora se podía contemplar dende o mar e a costa ata os ricos vales de Coiro e Meiro, e que hoxe ofrece unha visión privilexiada sobre a desfeita de toda esta zona.

Afectan tamen ó contorno do Petroglifo das Abelaires que dende os seus círculos concéntricos e as súas coviñas nos envían mensaxes que aínda hoxe non somos quen de descifrar; e pasan perto das mámoas de Tomada de Martínez para terminar de alterar o seu entorno e con elo a súa tranquilidade e o seu milenario silencio.

Hai que suliñar que todos estes xacementos están catalogados e



Liboreiro




Carballal de Coiro



inventariados no Rexistro da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia e a meirande parte deles declarados Bens de Interese Cultural, e polo tanto teñen a mesma protección que a Catedral de Santiago, e por suposto a ninguén se lle ocorre derrubar unha parte da mesma para ensanchar unha rúa ou unha praza.

É esta unha obra que ademais de levar as paisaxes e espazos naturais da comarca, perfora e dinamita máis alá das rochas e dos montes, perfora e dinamita os nosos valores e futuro como comarca e como colectivo, e fai saltar polos aires a nosa historia, en moitos casos, antes de que nós cheguemos a coñecela.



Obras no Caeiro



Protesta no Caeiro

PATRIMONIO HISTORICO III

Petroglifos

Os petroglifos son gravados repetidos feitos nas pedras ou nas laas. Na península do Morrazo son mozo abundantes, atopándose desde a costa ata o interior. Aínda que sabemos mozo pouco sobre o seu significado, parecen ser de tipo conmemorativo ou indicativo, pero tamén caben de tipo ritual. A súa realización podemos situala na época do Bronce (entre os anos 1600 e 600 a.C.).

BRONCE INICIAL

Os petroglifos que corresponden ao Bronce inicial (entre os anos 1600 e 1200 a.C.) representan figuras animais e humanas.

BRONCE FINAL

No século VIII (entre 700 e 600 a.C.) as gravuras representan figuras de animais, de humanos e de figuras abstractas, como as cruces e as liñas rectas, e tamén as figuras humanas, como as cruces e as liñas rectas. A súa realización podemos situala na época do Bronce final (entre os anos 600 e 400 a.C.).

PETROGLIFO DE A BORNA

Atribuído ao século VIII, este petroglifo representa un templo ou templo e bases arredor do templo, que se atribuíron na época do Bronce final (entre os anos 600 e 400 a.C.).



A Vía Rápida, constatación da deficiente democracia

Luís Pérez González

Son malos tempos para a democracia, nunca peores dende o remate da dictadura franquista. Un clamor xeralizado do que a cidadanía pareceu decatarse despois da burla que supuxo para as xentes da Galiza o comportamento das institucións públicas no desastre do Prestige, ou para as do estado a vergoña de verse implicados na invasión violenta dun país alleo, en defensa dos intereses imperialistas do opulento capital yanqui.

Foi en gran número que as xentes deste país, e por suposto desta comarca do Morrazo, fixemos oír as nosas voces de fastío, repulsa, cabreo e ata repugnancia ante as actitudes prepotentes, indignas, autoritarias e insultantes dos gobernantes que, quen o diría, ocupaban os seus cargos por mandato democrático. Os mesmos gobernantes que coa mesma prepotencia, indignidade e autoridade impuxeron no Morrazo unha nova estrada á que lle chamaron vía rápida, corredor ou vía de alta capacidade, (agora será simple vía para automóviles),

transgredindo os procedementos democráticos e burlándose da cidadanía do Morrazo, anque curiosamente, aquí as voces de repulsa contra as violacións dos principios democráticos, quedaron afogadas polas de complacencia, loubanza e incluso cooperación para levar a cabo a maior agresión e ocupación do territorio en beneficio dos intereses do capital especulador.


Queda cuestionada a democracia deste país, cando os procedementos de salvagarda do sistema son burlados pola autoridade que debe garantilos. Se a Lei obriga a que este tipo de obras inclúa un Estudio de Impacto Ambiental, é precisamente para protexer o territorio e os seus valores ecolóxicos, culturais ou históricos. Se dito estudio faise de trámite, sen rigor, por cubrir o expediente, estamos ante unha administración sen vontade de protexer os valores do país, sen vontade de cumprir a Lei, estamos ante unha administración antidemocrática. Non lle interesa protexer os bens



Manifestación do pasado mes de novembro en demanda de responsabilidades pola catástrofe do Prestige.

públicos ante os intereses dos negocios privados.

Como constatación deste feito, as diversas deficiencias do estudo de impacto ambiental por nós denunciadas entre as que podemos citar as referidas ás augas e ao patrimonio. Non se facía referencia a como ía afectar a obra ás augas, non se fixo ningún estudio de mananciais, traídas ou regos. Os efectos desta carencia xa se están a comprobar hoxe e aínda están por ver as verdadeiras consecuencias.



Augas que baixan do corredor abrindo camiño e destragando cultivos.

No apartado de patrimonio histórico dicíase no estudo que non había ningún xacemento afectado polo trazado, e ningún concello do Morrazo alegou nada en contra. Tiveron que recoñecer a afección a 31 xacementos arqueolóxicos e a destrución de 13 deles, tralas denuncias da Plataforma Anti-Vía Rápida, aínda que ese recoñecemento non supuxo variacións de trazado para salvar eses elementos do patrimonio histórico, a pesares de que a Constitución Española da prioridade á protección ambiental e cultural sobre a política económica (Art. 45 e 46).



O que queda do Petroglifo de Gondarán (Cangas). Era Ben de Interese Cultural, catalogado e protexido pola Lei.

Non quedan aí no seu afán de abuso e violación da legalidade. Impóñense unhas modificacións necesarias para poder aprobar a Declaración de Impacto Ambiental, saen publicadas no DOG, e logo ignóranse e non se trasladan ao proxecto. É a maior constatación da violación de principios democráticos fundamentais, da inutilidade dos procesos de control democrático cando o sistema esta corrupto, e do desamparo en que nos atopamos os cidadáns, incluso chegando coas nosas denuncias a toda institución que se poida recurrir.

Pero non só pisotean os dereitos dos que nos opuxemos a esta obra. Búrlanse da poboación enteira, pois coa manipulación da información e a utilización de todo o seu poder de propaganda, deixan ao cidadán indefenso. O control da información fai que se difundan ata chegar a asumirse as ideas que eles queren que asumamos. Consiguen que non se cuestione a vía rápida e incluso que se demande, porque ben se coidan de non falar doutras alternativas para mellorar a mobilidade, xustamente as que se aplican hoxe nos países avanzados. Ocultan a información para evitar a reflexión e as posturas racionais ou críticas, facendo así que aceptemos encantados o modo de desprazamento máis caro e ineficaz. Cremos que o coche nos da liberdade pero estamos nas súas mans.



Atascos á entrada das vilas, que non resolverá este corredor.

Promoven unha cultura de culto ao consumo na que o coche é elemento imprescindible porque aí están os grandes intereses das maiores empresas do país. Nin lles importan as cen vidas que se perden cada semana nas estradas,... non veremos reducir a publicidade de coches que fan incluso alarde da súa potencia, nin obrigarán a levar un letreiro no capó que diga: "Este coche mata". Esa é a grande corrupción dun sistema que non resolve os verdadeiros problemas, se a solución implica reducir os enormes beneficios das grandes empresas.

Son eles, a grande empresa, a que goberna o país sen presentarse ás eleccións. Entón,... ¿a quen estamos a votar cada catro anos? ¿É isto democracia?



Globalización

Francisco F. Jalda

Coa caída do Muro de Berlín no ano 1989, foron moitos os que se bateron no lombo felicitándose pola fuxida as páxinas dos libros de historia da utopía non cumprida do Socialismo-Científico, pensaban no cheque en branco que se lle estaba a ofrecer no mundo dos negocios. O capitalismo salvaxe atópase sen adversario, non hai no mundo ningún modelo económico que lle faga fronte a este sistema, non hai barreiras ante a especulación e a búsqueda de beneficio por riba de tódalas cousas. Os cartos e a acumulación de capital en mans duns poucos, a existencia das clases sociais, desheredaos do liberalismo global que venden clínex nos semáforos ou traballan de sol a sol poñendo ladrillo sen ningún tipo de cobertura social e cunha remuneración económica tan ridícula que non merece a pena nin mencionala nas reunións dos amigos. Naufragos dun sistema social que crea os seus propios salvavidas para que a marea non nos afogue por completo.

A cultura foi vítima deste novo modelo de concebir o mundo e as relacións cos nosos semellantes. Os medios de comunicación están a contribuir a perda de significado da palabra “Cultura”, pois para eles todo o relativo o lecer responde a esa palabra. Todo se está a banalizar, os produtos culturais chegan demasiado trillados os consumidores, pois nas cocinas do sistema xa se encargan de sacarlle a espiña ideolóxica e as doutrinas incendiarias, todo o mundo sabe que non conven morder a man que che da de comer. O libre pensamento e a formación autodidacta presentase coma a única saída a esta globalización da cultura. Son os directivos das grandes multinacionais os que moldean o noso gusto cinematográfico e musical, escollendo películas e discos carentes de contido intelectual e invadindo os cines e as radios fórmulas de todo o mundo. A literatura tamen está a padecer esta industrialización, a creación do fenómeno “Best-Seller” facilitanos o libro que hai que mercar. As iniciativas culturais estânse convertendo en empeños persoais dos membros das asociacións que non queren que todo se convirta nun “Macdonals” cultural, onde a capacidade de pensar e o espírito



Empalleirada. Foto Gonzálo Núñez

crítico se sirva en doses pequenas e cunha ración de patacas fritas de regalo.

A Asociación Sociocultural e Deportiva de Meiro e tantas outras asociacións que hai na nosa vila supoñen unha esperanza no medio da travesía mediática da nosa sociedade. Non todo está perdido, mentras haxa iniciativas coma esta (creación da lingua do corvo, e demais actividades que se fan a través da asociación) que fomenten espazos pequenos para o debate e discusión de ideas. As culturas minoritarias son as que mais se están a resentir neste intento por instaurar o pensamento único e por globalizar a cultura. A defensa da nosa lingua, a educación baseada nos valores da solidariedade e o coñecemento, débennos servir como resistencia ante a agresión do imperialismo cultural das grandes multinacionais.



Exposición Etnográfica 2003. Sala Amalia Domínguez Búa. Foto Gonzálo Núñez



O asociacionismo do Morrazo: posta en valor

Mercedes Fernández

Aínda que corren tempos modernos ou posmodernos, vellas maneiras de articular a sociedade civil, de organizarse, seguen sendo necesarias e mesmo non atoparon formas que as substitúan, a pesares de todo o avance tecnolóxico. As asociacións de cidadáns representan un exercicio de cidadanía, un xeito de voluntariado, que debería coidarse “como ouro en pano” porque representa unha garantía democrática de participación, e unha vía pola que poden transitar os intereses individuais, dende os máis particulares ós máis xerais.

O mundo asociativo presenta novos retos e un deles pasa por superar o carácter instrumental do mesmo; este non só ten un carácter de agrupación de intereses máis ou menos obxectivos, senón que ten a capacidade de elevar a vida humana a niveis de dignidade e pode funcionar como provedora de certo sentido da transcendencia e utilidade.

Estamos a vivir tempos difíciles para o asociacionismo tradicional. Para ninguén son novos os problemas que están a vivir estas asociacións: falla de participación, excesivo traballo que soportan os membros máis activistas, falla de valorización social no traballo que desempeñan, ausencia de apoio público, en xeral escasa convocatoria ás actividades... ademais de vicios adquiridos dentro do funcionamento interno,



VI Concentración de Bicicletas

todo o cal fai que sexa pouco estimulante participar.

É precisamente neste punto onde teñen que mudar as cousas; o panorama actual do tema asociativo pasa por impulsar a cultura participativa, e as asociacións teñen que abordalo con valentía. Pero existe un déficit elevadísimo desta cultura da participación dentro das propias asociacións. Para iso é preciso repensar novas formas de actuar, é preciso botar man de novos procedementos que poidan abordar esta circunstancia e axudar a superala. É preciso certa pedagogía da participación, da co-responsabilidade e da co-xestión.

Para intentar remontar esta situación un grupo de persoas pertencentes a varias asociacións culturais deron os primeiros pasos para intentar chegar a unha fórmula que nos axudase a paliar esta situación e se convertese nunha plataforma para a dinamización cultural do Morrazo.

Hai mes e medio, pouco máis ou menos, tivo lugar unha reunión na que estaban convocadas tódalas asociacións do Morrazo e á que asistiron representantes de máis de vinte. Nela presentouse a oportunidade de conformar unha Federación de Asociacións do Morrazo co fin de poñer os medios para superar o estadio actual da cuestión e establecéronse unha serie de obxectivos que abordarían:



Visita a Illa de Ons

- A creación dun entorno que favoreza a dinamización social o través do asociacionismo, poñendo en marcha toda unha rede de apoio material e técnico ás asociacións.

- Converter as asociacións en interlocutores sociais relevantes na toma de decisións socio-políticas que nos afecten.

- Converter a Federación nunha plataforma de apoio e relanzamento de novos proxectos asociativos ligados o desenvolvemento local.

- Poñer en contacto as persoas que están tirando das asociacións, xa que representan un elemento esencial a coidar e conforman as novas redes de voluntariado.

- Crear un grupo permanente de investigación sobre o noso entorno; volver competentes as persoas e os colectivos na análise da súa realidade e na toma de decisións sobre as cousas que os afecten en tódalas dimensións da realidade. Participación con información e co-responsabilidade.

Unha primeira materialización deste obxectivos quere ir na liña de mellorar o aspecto da comunicación entre asociacións, e entre estas e a sociedade a través da creación dunha publicación que fora o voceiro e instrumento das asociacións.

Dende o grupo seminal era unha prioridade que se deran os pasos dun xeito sólido. Primeiro habería que facer unha descrición dos mesmos e logo realizar unha análise en profundidade do tema asociativo contando coas propias asociacións. Para lograr isto era tamén moi importante lograr unha supervisión dende fora. Logrouse xa este punto implicando a Xan Bouzada, vello coñecedor da temática asociativa e cultural do Morrazo e actual director do departamento de Socioloxía da Universidade de Vigo.

Este procedemento de participación constitúe unha canle de desenvolvemento persoal e social polo camiño da iniciativa, da participación, da acción colectiva e o diálogo. Corren novos tempos;



Exposición Etnográfica no V Encontro. Foto Fina

tempos espectantes para a reformulación da participación cidadán e para a maduración da cidadanía civil como intelocutora e axente fundamental dentro de novos modelos de democracia máis participativa.

Dende aquí queremos facer un chamamento para que todas aquelas asociacións ou persoas que queiran colaborar nesta iniciativa se poñan en contacto con nós, por exemplo a través da Asociación Sociocultural de Meiro que representa un exemplo excelente de funcionamento asociativo.

Para mais información poñerse en contacto coa Asociación que edita esta revista.

¡Ánimo!!



Cabalgata Reis 2003. Foto Fina.



Entrevista: Señor José da Tomadiña: "Eu, a pesar de todo, tuven suerte"

Carmen Novas

Señor José é un home da aldea, un home de antes. Concelleiro da festa dos mozos, alcalde de barrio, prisioneiro de guerra... centos de historias escorregan pola súa fronte enrugada. A tinta e o papel non serven para recoller o amplo mundo que nos amosan as súas verbas, só poden intentar achegarnos a un tempo de traballo e guerra, pero tamén de festa e amizade.

Os ollos claros de señor José da Tomadiña levan case oitenta e oito anos atendendo ó que acontece arredor. El di que se desmemoria, pero é capaz de lembrarse ata do que pasaba cando estaba no ventre da súa nai. Sen que nos decatemos, lévanos a coñecer o Meiro das tabernas, das curandeiras e das castañas, e imos canda el nas vivencias da Guerra Civil. Hai pan de millo corvo para acompañar a conversa.

- **¿Vostede naceu en Meiro?**

- Nacín. Pero eu xa nacín desgraciado.

- **¿E logo?**

- Sería en decembro ou xaneiro. Miña nai iba á muída da Freixa. Como era en inverno, chovía e estaba mollado. Resbalou e rompeu unha perna. Fórona buscar cunha escala, porque alí non iba o carro. Nacín eu e inda ela non se levantaba.

- **¿Como lle sanaron a perna? Daquela non habería moitos médicos.**

- Don Ignacio era o médico de aquí, da casa, era mui amigo de meu pai. Alá el, cunhas tabliñas das caixas de figos, entablilloulle a perna. Fíxolle ben, que aínda tiña máis ben esa perna cá outra.

- **¿Seu pai era da aldea?**

- Era de Ermelo e casouse con miña nai de segundas nupcias. Morreu cando tiña eu cinco anos, de enfermédá. Viña de podar e empezóuselle a poñer unha friás na cabeza. Á casa inda chegou ben, pero cun dolor que xa non durmeu. Veu o médico e púxeronlle unhas bolsas de vinagre na cabeza. Medicamentos non había. Morreu ós quince días, dixeron que era un derrame cerebral.

- **Terían que traballar moito, ó non ter o pai.**

- Eu fun un mártir, home. Meu irmán Lino, que era o máis vello, como era listo, quedaba na casa. Meu irmán, ós dez anos, cando o maestro tiña que ir a calquera compromiso, quedaba el de maestro xa. Eramos cuarenta e tantos na escola, de Ermelo, da Portela e de Meiro. Era na de

Cabaleiro, na de Guimeráns agora. Dimpois venderon a casa e a escola foi para a Portela.

- **¿Quen era o mestre na escola de Meiro?**

- Chamábase Piñón. Era xenro de don Ricardo, o secretario do Ayuntamiento. Era un maestro la mar de bo, enseñaba moi ben, pero falso... Eu teño a marca del na sen. Pegoume porque dous rapaces estaban a pedir permiso para ir mexar. Eu non sei como falou o maestro e eu dixen quén era o primeiro. Chamoume, mandoume poñer de pé e doume unha bofetada que tirou comigo. Fun contra un banco. Dimpois choraba máis el ca choraba eu, porque sangraba seguido. Colleume no colo, truíome aquí, á casa, xunta miña nai, para ir ó médico. Déronme uns puntos e non foi nada.

- **En Meiro, ¿acorda curandeiras?**

- Antes, señora María a Adriana, a nai de Juan o Zapateiro, era a que andaba con todo iso. Botaba as ventosas. Poñíache enriba unha mariposa das de alumbrar, encendíaa cun misto, tapábaa cun vaso redondo, abafaba, e ó sacalo quedaban tetos de carne. Con iso sacaba a friás.

- **Habería correxedores.**

- Na Portela había un. Para as aberturas de man, hai mulleres que con pisar e unhas palabras xa arreglan, pero ten que ser unha muller que tivera fillos xemelgos. En



Manuel, Chuco e Antonio

Meiro estaba a Pitusa. A miña nai doíanlle as muñecas, non as podía mover. Púxolle o pe enriba delas facendo cruces e dicindo unhas palabras e xa está.

- **Ademais, había remedios para cando ós rapaces se lles poñía a lingua branca.**

- Iso era a úlcera. Poñíanlle un sapo colgado, seco, nunha bolsiña.

- **E ós animais, ¿que se lle colocaba?**

- Poñíanlle ruda, prixel... A ruda é o millor. Iso era para as envidias, porque hai quen con mirar un bicho ou calquer cousa xa o jode. Son personas que teñen mala vista.

- **Tamén se dicían unhas palabras ó cocer ó pan.**

- “Pan pola gracia de Dios, que Dios te acrecente, o demo que arrebente, ricos e pobres coman de ti, amen”. Non recordo ben.

- **Cóntenos dos tempos da República, ¿vostede estaba nalgún partido?**

- Antes de estallar Movimiento, meu irmán Lino estaba en Argentina e veu para a España a cumprir o servizo, aproveitando que os republicanos pagaban de tres partes do pasaxe, dúas. Meu irmán díxome “José, ¿non pertencas a ningún partido. Pois fas mal”. Daquela eu era concejal, facía a festa dos mozos o día do Carme. Era o presidente Manolo o Ferrolán, era concejal Pancho, un fillo de Camilo da Ferretería, e máis un da Banda do Río. E anoteime na Juventú Socialista, pero nadie o sabía porque nunca fóra a reunión ningunha.

- **¿Como o descubriron os falanxistas?**

- ¿Non sabedes que Jesucristo foi vendido por Judas? Eu fun vendido por miña nai. Cando empezaron a prender ós da Juventú Socialista, contoullo ó médico cuidando que me iba salvar, porque era coma se fora da casa. E el foi o que me jodeu. Mándame ir ó ayuntamiento un día no vran. Eu fun, cunha camisa branca, tranquilo. Cando chego, estaba don Ignacio, un brigada e un Guardia Civil, que inda era novo, disque era de Coiro. O brigada mándame sacar a camisa e empeza a darme uns bregallazos, cunha bregalla retorcida que tiña abaixo un plomo e enriba unha asa para poñer a man. Primeiro cansouse o brigada de darme, dimpois dille o Guardia Civi: “déjame lo cinco minutos”. O brigada inda collía o látigo polo plomo e dábame coa asa, pero este collíao pola asa e dábame co plomo. Deixoume negro. E no outro día tiña que ir outra vez.



Veigas en Meiro. Foto Xabier Framil.

- **¿Volvéronlle pegar?**

- Non. Ese primeiro día, ó chegar á casa miña nai bañoume en vinagre. Cando salín á veiga a librar a agua encontro cun fulano que lle chamaban Rúa, que tiña un padriño que era de derechas. Rúa levábase mui ben con nós e preguntoume que tal andaba. Levantei a camisa e asustouse: “¡ai, como te puxeron!”. E conteille que ó día seguinte me esperaba outro tanto. No outro día fun e non me deron nada. El díxome que falara co padriño.

- **Moitos salváronse gracias ós amigos ou ós familiares.**

- Sen fusilar quedou o xenro de señor Palmeira, porque señor Palmeira era do ayuntamiento, era policía. Colleron a Manolo o Ferrolán, que estuvo alá, no Lazareto, no medio do mar. Safou porque na casa do Ferrolán era onde cobraban a contribución e como os que viñan de Pontevedra a cobrar a contribución a Bueu, á casa deles, eran mui amigos do pai, tuvo unha man deles e foron os que o salvaron. A Juanchela, da Graña, como a moza del era prima de Pepe de Diz, o encargado da fábrica de Massó, non lle pasou nada.

- **¿Había republicanos que estaban escondidos?**

- Cando foi da guerra, Antonio de Picardías, da Graña, foi o que estuvo escondido, que non se sabe onde estuvo. Ese dou un exemplo de carallo. ¡Mira que anduveron! Registráronlle a casa, registráronlle cortes, levantaron a ostia e non foron capaces de encontralo. Ó Antonio de Andrés e a el buscábanos de carallo. Era o secretario do Partido Socialista, era o que levaba as contas, o que tiña tódolos libros, as papeletas dos socios que estaban apuntados. Dimpois, desde que terminou a guerra, o

Gobernador de Pontevedra deu libertá para todos os que non tuveran as mans manchadas de sangue, e Antonio de Picardías presentouse, gordo coma un becerro. El presentouse e disque o quixeron matar. Dimpois de vir con permiso do Gobernador de Pontevedra inda viñeron a buscalo á casa. Polo visto quen o safou foi unha moza, unha irmán de Pedro o que tocaba o acordeón, disque fora onda o cura. A un irmán matárono, o máis vello, José.

- Vostede tamén foi loitar ó fronte

- Si. Estuven en Teruel, nunhas posicións. Tiñamos unha alambrada arredor dun monte, e déuselle ó sargento por facer unha zanja de tres metros de alto por tres de ancho, derredor da posición. Eu, traballando toda a miña vida co legón e co arado, nunca tuven callos nas mans. Alí arrebentáronnos de sagre. Logo, o sargento e quixo facer un nido de ametralladora dentro da zanja, e encargoullo a Chuco, o abuelo de Vitoria. Un día dime o enfermero: "oye, tu amigo está grave, está en el pueblo enfermo, con unos dolores en la espalda, ya le puse bolsas de tierra caliente y no le hace nada, está muy mal". Cando nos tocou a nós o descanso fun a xunta el. Mireino e dinme conta de que tiña o estómago decaído. Collino en peso, levanteino e facíalle un trisco na espalda. Remedio santo, home san. Eu aprendín iso porque a min fíxome Juan o Freire. Aquel levantábame a min en peso dúas ou tres veces, e xa o facía eu, porque eu sempre andaba encataplasmado. ¡Ó cargar con tantos feixes de herba!

-¿Que facían nos días de descanso?

- Ibamos para o pueblo, Vivel del Río, que tiña unhas poucas casiñas. Dalí salimos a Teruel de vacacións. Todo o que pasamos de fame, chegamos alí e non había un hotel onde se comera tan ben como comiamos nós.



Meiro. Foto: Xabier Framil.

Tódolos días salían catro soldados e máis un cabo a comprar un dos mellores carneiros que había, de 20 ou 30 quilos, e dimpois dous bistés de ternera, ou huevos fritos, ou pimentos. O sábado, e jueves e domingo, chocolate con churros. Para comer íbamos a unha plazoleta coma Cangas, cun redor con ferro e todo, una circunferencia mui grande. Pero eu xa non comía nada porque cargoume unha porquería de enfermédá, doíame a cabeza. Tiñamos un cabo que era o enfermero e aquel xa me chegou a dicir que non tomara tanta aspirina porque senón íbame a ser malo para o corazón.

- ¿Foi en Teruel onde os colleron presos?

- Foi. O día de Santa Bárbara, a Falange e mailo riqueté, levantáronse e quixeron ir tomar a plaza do Tarico e pelearon uns con outros, tuvo que ir a nosa compañía a represalos, e dimpois foi cando apareceron da noite para a mañán, xa cercáronnos e a Falange máis o riqueté foron a golpe de combate. Aqueles non se salvou un, foron a forza de choque. Do riqueté salvouse o de Che, que estaba en Bueu porque estaba cun permiso na casa. Dimpois salimos nós, estuvemos unha noite ou dúas. E coa mesma retina para as casas. Foron tomando casa por casa, cuns picachóns porque as casas son de barro, facíanas de terra e despois dábanlle o yeso por diante. En Teruel non chove casi nunca nada. Nevar si, tuvemos casi un metro de altura de neve. Sen abrigo ningún.

- ¿A que sitio o levaron cando o fixeron prisioneiro?

- Estuvemos incomunicados en Gandía sete ou oito meses. Eramos catro gallegos, tres de Beluso e eu. De pan daban para tres dúas barras. Como os de Beluso eran tres, dábanlle dúas barras a eles, e a min dábanme a min solo unha porque non ma iban a partir, pero inda repartía con eles. O resto da comida era todo agua, se viña algunha tallada dicían que era de burro, ¡carallo que ben sabía! E dábannos unha chanchada de pan cunha cucharada de mermelada. Dos tres de Beluso, había un que tan pronto lle daban xa tragaba todo, aquel era da quinta do 29, eran dous do 29 e un da miña quinta, do 36. Cando me levantaron a incomunicación, fun a San Miguel de los Reyes, en Valencia, a traballar, e veña pico e pala.

- ¿Onde estaba cando terminou a Guerra?

- Estaba no Cerro de Espadán de asistente dun teniente que estaba observando o tempo, e mandábanme ó gobierno de Castellón a levar un parte. O día que entregaban a aviación eu lin o periódico. Os que non tiñan as mans manchadas de sangue podían marchar

para a casa. Eu boteime a andar por unha pista e encontrei un almacén de roupa de repuesto. Collín unha chea de zamarras de pana, pantalóns, seis ou sete camisas, e vin cargado. Fun coller o tren de Valencia a Madrid. Eran cen vagóns de dous pisos, que eu nunca mirara.

- Iría cheo de xente entón.

- Hasta por riba. Desde Valencia ó Alcázar de San Juan morreron cuarenta e tantos, porque moitos quedaban durmidos, enganchaban nunha pola e xa caían. A min déronme un reló, que inda o teño aí, de muller, por oito pitilleras de ochenta, porque eu como fumaba tiña tabaco. Desembarcamos en Alcázar. Nisto, veu un chaval e


doume o alto, díxome que era gallego e invitoume a tomar viño. Había unhas cubas mui altas, collíase o viño por riba polos zapóns. Morreran afogados alí dous ou tres, no viño. Cando volví, non quedaba ninguén e leváranme o macuto. ¡Tan cargado como viña de roupa!

- Pero conseguiu chegar a Madrid,

- Cando me chego cerca de Madrid, encontro unha patrulla de soldados e dinme: “Tú vienes de la zona roja, ¿verdad?”. Contesteille que si, que era prisionero de guerra de Franco, e dixéronme: “nosotros de tejamos pasar, pero ten cuidado que están concentrando a todos los que vienen de la zona roja”. Un pastor contoume que era no Campo de Vallecas, que alí os que non morrían de frío matábannos a tiros. Inda me deron varias veces o alto e deixáronme pasar, hasta que topei cun gallego e fun con el a un sitio onde tomaban declaración. Logo dixéronnos salir, e fun con dous que eran de Santa Eugenia de Ribeira e embarcamos nun camiión pequeno que iba para Segovia. Á mañán collemos un tren para Valladolid. Acórdame que se celebraba o día do Xueves Santo coma en Cangas, igual. ¡Ainda anduvemos na procesión e todo! Chegaron dous de alá de Raxo, de Combarro. A aqueles xa lle fixeran o enterro e o cabo de ano na casa, porque xa os colleran na toma de Belchite. ¡E eles iban para casa vivos!

- ¿Como volveu para a casa?

- Cheguei en barco a Vigo. Cando miro a un fulano, voume cerca del... ¡era Pepe da Beatrisa! ¡E o Ermelo! Viña tamén o pai de Antonio de Andrés e dille meu primo “mira, los muertos resucitan”. Comín alí e marchei para Meiro. Fun afeitarme e miroume a difunta de Remedios. Pasou por onde iba miña nai á herba e díxolle “Lola, o su fillo José está na casa. Está na barbería có meu cuñado”. E cando miña nai chegou á casa xa estaba eu na casa.



Rio Canudo. Foto: Ricardo Vilarinho

- Depois da guerra, ¿aínda estuvo preso?

- Presenteime ás autoridades en Bueu, mándanme á Guardia Civil e onda Chupatintas pero non tiña os papeles. Por último, mándanme ir a Campo de Zancos, a min, a Giño, ó Palmeiro e a outro máis. Mira que eu, estar quince meses prisionero cos rojos e non sei o que é levar unha bofetada nin unha palabra mala. E chégome alí e déronme un estacazo que si non tivera a costumbre de meter a gorra no bolsillo, cólleme as partes. O capitán portouse ben, era gallego. Eu non tiña aval ningún e doume un oficio para levar a Pontevedra. Na casa abrino e mirei que nada malo non poñía. Eu, a pesar de todo, tuven suerte. ¡Suerte?, eu que sei, máis desgracia non pode ser. Nunca pasei fame, sempre tuven para dar.

- ¿Acórdase de cando no ano 41 viñan a requisar polas casas?

- A nós o que nos requisaron foi o centeo, o millo. Tuven que ir a levalo a Bueu. Foi no 40 ou no 41. Levei 800 quilos, debullados e todo, á do Romano e á de Juan Cestay á Banda do Río, e dimpois pudréuselle o centeo alí. Eles repartían por cupo, daban unha cartulina pa recoller. Logo, cando viñeron polas casas xa traían a nota do que se lle había dar. Era millor, desbullaban eles.

- A Tomadiña era unha casa rica, de terras.

- Nos tiñamos mitá do capital que tiña o Casqueiro, o bisabuelo de Vitoria, pero eramos tres e tiñamos de sobra. Cando morreu meu pai, en Aldán tiñamos catro vacas, na Portela dúas ou tres, en Meiro becerros. Gando había muito fóra.

- ¿Como se repartían os beneficios do gando a criar por fóra?

- Asegún como fora o gando. Nós tiñamos, por exemplo, os bois grandes para labrar, a medias. Se se ganaba algo,

ganábase a medias, se se perdía, perdíase a medias igual. Que ás veces se perdía, porque para cobrar sobra xente, pero para pagar...

- Tamén tiñan castiñeiros.

- Si, tiñamos ourizos na casa para todo o inverno. Derramabamos os castaños, que tiñamos moitos. Faciamos un buraco, botabamos os ourizos, cunhas vides enriba, e tapábase con terróns para que non tomara aire. Cando íbamos a levantar, salía o ourizo xa maduro, xa salía a castaña. E así conservábase ben, con iso non collían bicho.

- ¿Ían vender leña a Cangas?

- Eu iba cos feixes a Cangas tódolos días, e co carro. Era leña de xesta, porque antes non había un pino. Antes había tripezas para as viñas, para facer estacas, e varas de xesta era o alambrado.

“Días de festa había sempre”

- Vostede era da comisión de festas, ¿que lembra daqueles anos?

- Días de festa había sempre. Cando eu era chaval, xuntabámonos a cantar as Navidás, os carnavales... Eu era concejal da festa dos mozos. A orquesta que tiñamos era Pepe Diz e máis Juanito. Pepe era acordeonista, Juan tamén era acordeonista e máis tocaba o contrabaixo. Un primo da muller de Pepe Diz, era o que tocaba o garbán (o bombo cos platillos). Cantabamos coa comparsa, con Manolo o Ferrolán. Unha vez tuvemos unha orquesta -aquele foi de pagarlle uns bos cuartos-, chamábanlle A

Orquesta Americana. Levaba un negro bailando o charlestón. Quedamos empeñados en vinte pesetas. Pagueinas eu e máis Manolo o Ferrolán.

- ¿Tocaban a pandeireta?

- Iso cando miña nai era moza. Xuntábase ela con dúas ou tres máis e facían baile en calquera lado. Miña nai cantaba mui ben, e tocaba a pandereta. Ela sola facía festa.

- Nas Navidades, ¿ían polas casas?

- As Navidades cantabámolos casi tódolos anos. Íbase polas casas, ó que daban. Á veces íbase por pasalo bomba. Tomabamos viño. Os cartos que daban xuntábanse para ir á taberna. Levabamos gaiteros e panderetas.

- Antes só polas festas se mataba o galo ou o carneiro.

- Polas festas, aquí temos matado entre dous ou tres un becerro. Cando era para nós solos, unha cabra, un carneiro, o que sea.

- ¿Que festas se celebraban en Meiro?

- Antes íbamos ó baile por aí, a calquera lado ás festas. Festas coma Cela ou Ermelo. Aquí eu teño feito San Antoniño. A de San Martiño, o patrón, era no baile da Pirica. Íbase coa xente para abaixo, para misa. Levábase o acordeón ou a gaita e dimpois viñamos para arriba. Entrábase na de Pancho e nas tabernas que topáramos.

- ¿Había moitas tabernas na aldea?

- Antes había catro ou cinco tabernas. Tiñamos taberna e baile aquí na nosa casa, taberna aí na de Isabel, taberna na de Costas, taberna na de Chelo. Había tabernas por un tubo. Na Raposeira e tamén na de Noqueda.



Cavando o millo. Foto V. Martínez.




Son da aldea

Pepito de Castro

Son da aldea e o meu camiñar pola vida foi como a de tanta xente da miña época, escoito a radio e vexo a televisión, aínda que o tempo maioritario adicollo a albanelería. De cando eu era neno a vida cambiou moito: os da miña era íamos coas ovellas e co gando ao monte, ao estrume, á leña... Isto agora non o fai ningún neno, por sorte. ¿Pero son os nenos realmente felices agora? E de supoñer que si, polo menos máis ca nós. ¿Pero non irán sobrecargados aínda que sexa en cuestións distintas, por exemplo en clases particulares? ¿E non terán moitos xoguetes bélicos? A min gustaríame que os nenos fosen todos felices e que non vexan guerras nin na televisión, nunca máis.

Isto faime reflexionar por que os nenos da miña idade non tiñabamos xoguetes e estabamos sobrecargados sobre todo cando faciamos estes traballos e cando íamos co gando e coas ovellas e non tiñabamos a ninguén para xogar, por que a leira estaba demasiado afastada cara o monte. Lembro aquelas tardes grises de outono e inverno que chovía e estabamos tristes como estas dúas estacións do ano.

Lembro de cando andabamos coas ovellas que as condenadas cando estaba a leira raspada



Rio Canudo. Foto: Ricardo Vilariño



Meiro. Foto Xabier Framil.

ían comer á leira lindante con máis herba. Fágo a comparación cos emigrantes de pateiras “e perdón a todos os emigrantes pola comparación”. Nin as ovellas saben de extremas nin os emigrantes con fame saben de leis nin de leiras con extrema. E falando en termos de labranza podíamos darlle un pouco de semente aos das pateras e que sementaran a súa leira que xa fai anos que non a sementan.

Quen o ía a dicir, que as leiras polas que nós andabamos coas ovellas e dende o lugar que vivo íbannos fender o monte máis emblemático “Liboreiro”. O monte que temos de fronte cara o oeste, estes atrevidos gobernantes non se lles ocorreu outra cousa mellor que fendelo pola

metade. Como se non houberse máis alternativas por exemplo pasalo corredor por estre a caída dos dous montes, e dicir, de Liboreiro cara o sur. Con esta fendedura, con esta animalada xa ninguén pode crer nas lendas de Liboreiro, ¿Quén vai crer? Xa non se pode subir o curuto como se subeu sempre. Ala vai a lenda das dúas minas, unha de ouro e outra de veneno. Para min que os gobernantes pensaron máis na mina de ouro e destruír todo Liboreiro que na forma de por onde pasar o vial ou o corredor do Morrazo. En canto a mina de veneno queda claro que non hai máis que mirar Liboreiro desde Meiro. Como todo animal busca recurso nos buscaremos tamén forma de subir a el, aínda que sexa pola parte de atrás e con nós virán raposos, coellos, xabaríns, e lobos, se os houberse. E logo nós diríamolle que teñen un paso por debaixo dos viaductos, e eles, os animais, como son moi listos tanto coma os gobernantes aprenderán axiña a pasar por debaixo dun lugar para outro. Por iso temos que pedirlle aos que gobernan, que fagan viaductos, non só pensando nos humanos senón tamén nos animais, aínda que o animal humano e quen está a protestar e a padecer polos aterramentos sobre todo no concello de Moaña.

Quero facerlle mención aos nosos razoables gobernantes que sexan animais e pensen na especie, por que no Morrazo temos que existir todos.

Estes gobernantes de Galiza e de España non teñen razón cando se agarran á Consitución como se fose deles, como se fosen propietarios. Non hai cousa tan distante entre eles e a Constitución, porque eles non condean ao réximen franquista e nese réximen non houbo consitución. ¡Pobriños quedaron co cu ao aire!

Esta xente é a mesma que estando en asociacións pretende facerse dona de lugares públicos como se fosen propietarios deles, sin antes consultar cos cidadáns e acaban facendo enfrontamentos verbais, tanto no concello como nos lugares do seu entorno máis próximo. Todo iso por culpa dunha falta de tolerancia, de democracia e respecto común aos veciños. Non podemos cair nin pasar por este tipo de corrupción.

Si fose xove trataría de razoar cos meus maiores, cos mais anciáns, trataría de facelos comprender que cada xeración ten unha etapa de forma distinta, que eles cando foron xoves tamén fixeron das súas. Coma quen dí o mesmo que agora fan os xoves, aínda que a situación é



Limpando o millo. Foto: Gonzalo Núñez

distinta. Na xuventude dos nosos maiores só había viño e caña, agora hai viño, caña, cervexa, wiski, xenebra, ron, cubalibres, calimocho.... e un sin fin de cousas máis. Incluído as drogas ilegais e clandestinas que se consumen a diario en calquer lugar ou esquina e ante isto non podemos quedarnos de brazos cruzados. Porque podemos pensar de dúas formas: que os culpables son quen es consumen ou que o goberno non fai nada para evitalo e así ter á xuventude durmida. Si non fose polas drogas as cousas serían máis ou menos igual que cando eles foron xoves; por iso pídolle aos nosos maiores que respeten aos nosos xoves, que xa andan bastante ciscados con iso da emigración. Que é a mesma lacra que tiveron eles e xa é hora de que os nosos gobernantes tomen conciencia e empecen a facer cousas, xa que temos costa e terra para poder desenvolvernos nos lugares onde nacemos. Que empecen a parcelar o Morrazo en soutos antes de que se nos volva todo unha chouza e que non sexan só os xubilados os que traballen as leiras. Tamén os xoves deben intervir nas labores do campo, pero hai que empezar a aparcerar.

E con respecto os concertos e ruídos: os ruídos dos concertos son de música e xente. Para min nunca hai un ruído tan espantoso como o dos foguetes que se botan nas festas patronais. Estas festas non as fan os xoves que

organizan concertos. Digo o ruído dos foguetes porque despertan aos nenos a calquera hora da noite, porque os botan indiscriminadamente a calquera hora, e a min tamén me teñen asustado. Tamén aos paxaros, aos cans e a calquera clase de animais. ¿Cantas veces se veu chorar un neno por culpa dos foguetes? Xulguen vostedes cal é o ruído máis ruído.

Unha aperta a todos.



Escola de Meiro. Foto: Gonzalo Núñez



Empalleirada. Foto: Gonzalo Núñez




De cando a ardentía era algo máis que un brillo no mar

José R. Álvarez Pérez

A tecnoloxía invádeo todo, e quizais a comodidade dos tempos actuais impídenos pensar en como se vivía non hai tanto. Do mesmo xeito que en calquera casa é familiar unha lavadora ou un ordenador, tamén os traballadores do mar adoitan empregar maquinillos, motores fora borda ou sistemas de radio. Os mariñeiros de antes, nosos avós e bisavós, no dispuñan de radares ou dunha tecnoloxía axeitada que lles axudase a localizar o peixe. Tiñan que empregar outra clase de inxenios. Adoptaron unha gran variedade de sistemas de busca e captura, e que forneceron a xa de seu rica pesca tradicional galega.

O coñecemento mariñeiro non é un saber científico e metódico, senón que é produto das leccións prácticas acumulados durante xeracións. Unha sabiduría e coñecementos tan fiables coma calquera fórmula ou teoría científica.

Os mariñeiros expertos saben da importancia das aves de mar, e son quen de identificar aquelas especies indicadoras dos lugares donde hai bancos de peixes. As bandadas de mascatos, gaivotas ou araus concéntranse nos sitios en que os cardumes circulan perto da superficie, fundamentalmente bancos de sardiñas. As aves lánzanse continuamente desde o aire co obxecto de capturar o peixe, e segundo a altura á que o fagan ou o ángulo de ataque que tracen, o patrón determina a que profundidade está o peixe, e mesmo de que clase se trata. Os mamíferos acuáticos tamén axudan cando se anda á procura do peixe. Tanto o arroás como os golfinhos buscan os bancos de peixe para alimentarse e, na mesma maneira en que o fan



Galeón en Bueu. Foto: Ricardo Vilariño

as aves mariñas, descúbrenlle aos barcos donde hai abundancia de peixe. Pero non sempre son vistos con simpatía: ao longo da historia, son numerosos os conflitos provocados por estes mamíferos; principalmente polas continuas rachaduras que fan nos aparellos, co fin de alimentarse do peixe capturado dentro destes. Tal situación

provócalle unha dobre perda ao mariñeiro: a pesca do día e a dos aparellos, que non podían ser utilizados mentres non fosen arranzados.

Os traballadores da pesca en costa tamén desenvolven técnicas propias para a localización do peixe, procedementos e sabidurías recollidos despois de anos de mirar para o mar. Poderíamos falar do axexo ou do caldeo, pero sen dúbida ningunha a ardora é o sistema de busca tradicional máis coñecido en todo o litoral galego. A ardora (ou escurada), realízase nas noites de lúa chea. A embarcación surca o mar paseniñamente, con todos os mariñeiros en silencio. O patrón sitúase na proa fitando á superficie, axudado pola claridade e sabedor da fosforescencia que os bancos producen cando andan entre o plancton. De cando en vez indícalle a un mariñeiro que



Porto de Bueu. Foto Xabier Framil.

golpee o mar co pandullo, para provocar o movemento do peixe. ¡Aí está!. Como os propios mariñeiros din, o peixe arde no mar cando se asusta polos golpes do pandullo, producindo a ardentía que delata a súa situación e profundidade.

Pero como en todo, o que é bó para uns non o é para outros. Históricamente, o ir á ardora xenerou numerosos litixios entre a clase mariñeira. Os que se adicaban á pesca de día, denunciaban os ardoristas polo uso que facía do balo; argumentando que o golpeo do mar facía que os bancos de sardiña se asustasen e abandonasen as rías. A cuestión de bater no mar xa era un problema para os antigos Gremios de Mareantes, alá polo século XV ou XVI. A principios deste, no 1912, nas costas galegas reproducíuse o conflito co enfrontamento entre mariñeiros da traíña e ardoristas. Houbo graves altercados e continuas ameazas e acusacións cruzadas, culpándose os uns aos outros de ser causantes da desertización das rías. Os traíñeiros enviaron unha Comisión a Madrid, para entrevistarse co Ministro da Mariña: solicitáronlle a prohibición das actividades dos ardoristas e o golpeo sistemático do mar. A resolución ministerial prohibiu



Porto de Bueu. Xabier Framil.

“definitivamente” a pesca á ardora

Podemos dicir que, moitos dos conflitos que actualmente inciden no mar galego son cáseque os mesmos de hai 100 ou 200 anos: escasez da sardiña, conflitos co cerco... A problemática que rodeou sempre á pesca a ardora non se solucionou nese 1912, e aínda hoxe, só que con diferentes motivacións, ardoristas como os do Morrazo continúan a solicitar a ampliación nun día, das xornadas semanais desa pesca permitidas por lei.



Dornas en Bueu. Foto: Ricardo Vilariño



O Cultivo de cogumelos

David Cereijo

Introducción

A pesares de que Galicia foi tradicionalmente un país micófono, isto é, que rexeita os fungos na súa cultura e consecuentemente na súa gastronomía; cada vez é maior o interese que os cogomelos están a despertar entre os galegos, ata o punto de ser a comunidade autónoma que na actualidade conta con máis asociacións micolóxicas.

A apaña de cogomelos é todavía vista no noso país únicamente coma unha actividade recreativa, ou de fin de semana. O que descoñece a maioría da xente é que tamén pode constituir un importante recurso económico, e incluso unha opción razoable de desenvolvemento rural sostible, como está a demostrar noutras áreas de España, como é o caso do aproveitamento trufeiro en toda a cunca mediterránea, que pouco a pouco se convertiu nunha verdadeira opción de recuperación do rural (un quilo de trufa negra pode superar os mil euros), ou mesmo o proxecto de micoturismo e aproveitamento micolóxico forestal LIFE MYAS “Micología y aprovechamiento sostenible”, en Soria, que involucra a practicamente tódolos sectores dun total de once concellos que explotan os seus recursos micolóxicos de forma mancomunada.

Ainda que en Galicia todavía estamos lonxe de acadar un verdadeiro aproveitamento micolóxico dos nosos montes, principalmente debido a falla da debida atención da Administración sobre o tema e á propia ignorancia das xentes do campo, que inexplicablemente seguen a rexeitar o que sen dúbida algunha convertírase nos próximos anos nun recurso que non terá nada que envexar ó marisqueiro -basta con lembrar que o propio marisco era utilizado en Galicia para abonar os campos non fai tantos anos, e aqueles que o consumían eran calificados coma “pobres”-, xa comencan a aparecer os primeiros datos oficiais que apuntan a unha inminente toma de conciencia sobre o tema. Así, a Dirección Xeral de montes da Xunta de Galicia valorou no ano 2003 nuns 12 millóns de euros (uns dous mil millóns das antigas pesetas) a produción de cogomelos silvestres dos montes galegos, e datos “oficiosos” aportados por empresas do sector fan pensar que moi probablemente a cifra actual se sitúe en torno ó dobre da aportada pola Xunta.

Se ben o aproveitamento forestal dos cogomelos semella precisar algúns anos para asentarse, outro xeito de aproveitamento micolóxico moito máis acadable a curto prazo e que xa está relativamente extendido no noso país é o cultivo de cogomelos, xa sexa a grande escala ou mesmo en pequenas cantidades para autoconsumo.

O cultivo de cogomelos

Para levar a cabo un cultivo de cogomelos con éxito é preciso comprender antes unha serie de conceptos básicos sen os cales o máis probable é que fracasemos no intento. Así, o primeiro que é preciso ter ben claro é que os cogomelos son froitos, e o mesmo que si queremos obter peras o que debemos cultivar é a pereira, para obter cogomelos temos que cultivar o organismo que os produce: o Fungo.

Nembargantes, ó cultivo dos fungos e ben distinto do das plantas, xa que mentres que éstas se nutren dos minerais do solo e do dióxido de carbono do ar, gracias á enerxía que lle aporta o sol, os fungos precisan materia orgánica para vivir, coma refugallos vexetais, estércol, etc., e mesmo ás veces precisan do intercambio de sustancias con árbores vivas, xa sexa porque os parasitan, ou ben porque establecen relacións de simbiose (onde se produce un intercambio beneficioso tanto para o fungo como para árbore, que medra máis forte), como é o caso do coñecido Níscalo (*Lactarius deliciosus*), que somentes vive ligado as raíces dos piñeiros, a Andoa de verán (*Boletus aestivalis*), que precisa normalmente dun carballo ou castiñeiro, ou as Cantarelas (*Cantharellus cibarius*) e Linguas de gato (*Hydnum repandum*), aínda que estas últimas son bastante “promiscuas” e medran tanto baixo piñeiros, coma carballos, castiñeiros ou mesmo eucaliptos.

Deste xeito, non todos os fungos se poderán cultivar, no sentido estricto da palabra, se non que algúns deles somentes os poderemos obter, ó menos polo momento, nunha finca onde teñamos plantadas as árbores axeitadas, e aínda así o éxito destes semicultivos é moi difícil de garantir.

Os cogomelos que se están a cultivar industrialmente con máis facilidade son aqueles que se nutren de materia orgánica en descomposición, e que na natureza medran sobre ramiñas caídas, tocóns ou mesmo sobre estércol ou no propio humus do solo. Entre estes cogomelos atópanse os coñecidos Champiñóns (*Agaricus spp.*), e as “Setas de ostra” (*Pleurotus ostreatus*), e tamén outras especies de recente introducción no mercado galego e que na actualidade se poden atopar con relativa facilidade nas grandes superficies ou tendas especializadas, como a “Seta de cardo” (*Pleurotus eryngii*), o Pé azul (*Lepista nuda*) ou o Cogomelo de pé veludo, ou como prefiren chamarlle en Xapón, de donde provén o seu cultivo, “Enoki” (*Flammulina velutipes*).

Mais de todas as especies cultivables a gran escala e

que contan con aceptación no mercado, a máis sinxela de cultivar é sen dúbida algunha a “Seta de ostra”, que xunto co champiñón podemos atopar en calquera supermercado.

O cultivo da “Seta de ostra” é moi doado e calquera o pode practicar na súa casa. Para elo basta con mercar o fungo e o sustrato axeitado e darlle as condicións necesarias para que produza cogomelos. As fases do cultivo pódense resumir como sigue:

1. Obtención do fungo e inoculación do sustrato

Esta fase ten coma obxectivo obter o micelio (fungo) nun formato fácilmente manexable e no sustrato adecuado para que se poida nutrir e producir cogomelos. Hoxe en día, o máis habitual é empregar sacos de plástico que se enchen dalgún refugallo vexetal ós que se lle engaden algúns aditivos, e que despois se inoculan co fungo; pero esta operación é moi delicada e débese facer en laboratorios cunhas condición de hixiene moi estrictas se queremos garantir que os sacos produzan os cogomelos desexados e non calquera outra mala herba, vermes, barolo, etc., de modo que o máis normal é mercar estes sacos, chamados


sacos de micelio, xa feitos.

2. Incubación

Unha vez o fungo é inoculado nos sacos é preciso darlle as condicións axeitadas para que medre dentro deste e colonice todo o sustrato, antes de que poida producir cogomelos.

A fase de incubación consiste en manter os sacos pechados a unha temperatura de uns 24-27 °C durante uns 21-45 días (según a variedade ou cepa). Se o local está correctamente illado térmicamente basta con aportarlle calor os primeiros 3-4 días, e despois ésta xa se mantén debido a “fermentación” que se produce, do contrario o gasto en calefacción pode ser bastante elevado. Os sacos non se deben apilar durante esta fase, xa que a temperatura pode subir máis do recomendado e matar o fungo.

Algunhas empresas fabricantes de sacos venden tamén os sacos xa incubados, o que nos aforra esta fase, pero son un pouco máis caros, e se veñen de lonxe o fungo pode sufrir durante o transporte.



3. Producción

Unha vez o micelio xa colonizou todo o saco é o momento de que produza os cogomelos. Para forzar a produción hai que practicar uns cantos buracos de 4-5 cm nos sacos, e “asustar” ó fungo, cambiándolle bruscamente as condicións ambientais. Este cambio consiste en baixar a temperatura (12-25 °C según a variedade ou cepa), aumentar a humidade (xeneralmente con paneis humidificadores, aproximadamente a un 95%), mellorar a aireación do local (mellor se é forzada mediante extractores), e proporcionar luz (basta con que se vexa dentro do local, non é conveniente que lle de a luz directa do sol). Os sacos que se venden no mercado pesan en torno a 12-15 Kg e producen o redor dun 15-20% do seu peso como término medio (puntualmente e según a época do ano algúns sacos poden dar ata 5-6 Kg)

Os locais empregados habitualmente para a produción de cogomelos teñen unha estrutura tipo invernadoiro, pero a súa construción é ben distinta: o máis común é que o chan sexa de formigón liso ou doutro material doado de limpar; cun murete baixo de bloques e unha cuberta de lona con illante térmico, para evitar que se quente excesivamente co sol na fase de produción e que ó mesmo tempo manteña o calor durante a fase de incubación. Unha medida habitual para as naves é 10x18 m ou 8x22 m.

Para a produción caseira durante a primavera e o outono pódese improvisar unha pequena zona de cultivo na nosa finca, preferentemente baixo carballos ou algunha outra árbore que lle proporcione sombra, poñendo un plástico ou lona no chan e facendo unha pequena cuberta con tela de saco para tamizar máis a luz. A humidificación pódese facer cunha mochila de sulfatar ou un pulverizador calquera, pero nunca por rego ou goteo directo.

Os cogomelos prodúcense en tandas ou floradas, retirando os mañuzos producidos e deixando os sacos nas mesmas condicións para que volvan a fructificar. Xeralmente a partir da terceira florada o saco non é rentable e, aínda que pode seguir producindo, é mellor desfacerse del e substituílo por un novo.

Algúns Consellos

1. A elección de sacos de calidade é fundamental para o éxito do cultivo. Os mellores sacos levan un tratamento térmico, chamado de Pasteurización, que asegura que sexan eliminados vermes, sementes de malas herbas e mesmo outros fungos indesejados. No mercado pódense atopar todavía os

chamados sacos Semipasteurizados, que son fabricados con palla prensada en “pellets”, coma se fosen grans de pienso. A súa fabricación é máis económica pero adoitan dar problemas de contaminación por un barolo verde chamado *Trichoderma*. Para comprobar se o saco é pasteurizado ou de pellets basta con darlle un corte e observar se a palla está solta (saco pasteurizado) ou en boliñas (saco semipasteurizado ou de pellets)

2. A hixiene é un aspecto moi importante para asegurar a continuidade da produción. Un local de chans e paredes limpas e desinfectado periodicamente evita que se poidan acumular parásitos que chegado un momento poden arruinar toda unha produción. O cultivo no interior da vivenda non se recomenda, pois algunhas especies producen gran cantidade de esporas que poden producir alerxias, e as condicións de humidade que require este tipo de cultivo poden ser agresivas para os mobeis, que nalgúns casos ata poden resultar infectados cos fungos.

3. As condicións de soleamento, temperatura e humidade da finca onde ubiquemos o cultivo son moi importantes e poden limitar a nosa produción, polo que é aconsellable facer probas con distintas cepas ó longo do ano, para ver cal nos vai mellor en cada caso. En xeral é conveniente usar cepas especiais para o verán e o inverno.

4. Os sacos usados pódense aproveitar como abono para as fincas se son axeitadamente compostados previamente.

Para saber máis

GARCÍA ROLLÁN, M. (1997). Cultivo de setas y trufas. Ediciones Mundi-prensa. Madrid.

GARCÍA ROLLÁN, M. (1978). Plagas y enfermedades del champiñón y de las setas. Instituto Nacional de Reforma y Desarrollo Agrario. Madrid.



Cogumenos na Fraga de Coiro. Foto: Ricardo Vilariño



A Biblioteca de Meiro

Manuel Ángel Menduiña Pastoriza

Non sei canto tempo leva a aldea de Meiro facendo un labor etnográfico e cultural tan importante, supoño que con tirar de hemeroteca xa tería a dúbida solucionada, o que non ten solución e que ademais me resulta vergonzoso é que en todo este tempo non participase nin sequera como visitante en algunha das moitas actividades que nesta aldea se desenvolven arredor do millo corvo principalmente. Como o de falar do que se descoñece sempre o considerarei unha temeridade, á hora de participar nesta publicación pareceume o máis axeitado facer unha pequena homenaxe ao único logro da Asociación Cultural Deportiva e Xuvenil de Meiro que coñezo de primeira man, a biblioteca.

Cando a principios do ano pasado me dixeron que en Meiro ían abrir unha biblioteca, e que seguramente eu estaría encargado de pola en funcionamento; non é que tivera unha visión reveladora na que se podía ver claramente que esa sería a vivencia máis enriquecedora da miña vida, pero si me pareceu que como experiencia podía ser bastante interesante, como así foi, e como así vou a intentar plasmar nas seguintes liñas:

O día 1 de outubro abriu as súas portas a Biblioteca de Meiro e como si dunha grande superficie ou dun centro social se tratase, alí estaba a plana maior dos representantes da política e cultura do Concello de Bueu..... ben, quizais esaxerei un pouco, mellor o deixo en que o concello mandou representación. Tampouco faltaron os fotógrafos dos xornais con máis tirada da Comarca para inmortalizar o momento. En representación da Asociación Cultural Deportiva e Xuvenil de Meiro estaba Sandra: ¡Ola Sandra! E uns intres antes das consabidas fotos chegou Rosa, a profesora da Escola Unitaria de Meiro ademais de veciña de traballo, cos seus quince alumnos: Javi, Tati, Álvaro, Dani, Pedro, Yaiza, David, Miguel Ángel, Saray, Pablo, Noe, Isabel, Aitor, Alba e Vero ¡Saúdos para todos!

Este foi o meu primeiro día na nova biblioteca do concello, perdón, na segunda máis nova; Cela xa ten biblioteca. Eu sabía que despois dunha sesión de apertura tan impresionante viría a crúa realidade; Meiro tampouco é un sitio tan grande, á

xente cústalle bastante entrar nos lugares onde se concentra a cultura etc. Ademais a min entroume o que se podía chamar Síndrome do local petado; a miña ilusión era que a biblioteca estivera chea dende as 4 ata as 8. Pero coma a todo iluso a realidade bateume con forza nos focíños, e neses primeiros días que eu andaba cos morros inchados, unha compañeira que xa tiña pasado por un proceso similar abriume os ollos:”....Pero non te preocupes por iso, unha biblioteca non é como unha carnicería, onde o obxectivo é ter a xente gardando cola diante do mostrador. Unha biblioteca é un servizo público que ten como función atender aos usuarios, nada máis e nada menos.” Así que intentei poñer os pés no chan, esquecerme das cifras e centrarme en traballar para que a xente supera que dispoñía dun novo servizo e que ademais funcionaba ben (a verdade, é que hai momentos en que a optimista non me gaña ninguén); e como si dunha campaña electoral se tratase tracei un plan de actuación ¿ Cales son os potenciais usuarios dunha biblioteca de aldea? Os nenos.



Biblioteca de Meiro. Foto: Gonzalo Núñez.

Aos máis cativos xa os tiña enganchados gracias a Rosa, a súa mestra; tódolos luns ademais de contarlles un conto, lles prestaba un libro ata o luns seguinte. Ao resto dos rapaces mandeilles unha carta onde os invitaba a que viñeran a súa biblioteca para usar as inigualables instalacións que estaban a súa enteira disposición. E tamén lles organizei un concurso de debuxo do que saíu o simpático Carmeiriño, a mascota oficial da biblioteca de Meiro.

Como tampouco se trataba de dirixirse só aos nenos tamén quixen intentar conseguir que a xente maior se achegase á biblioteca. Mais non sabía moi ben por onde empezar ata que Victoria, a presidenta da Asociación, faloume de que coñecía a xente maior á que lle gustaba ler pero que por problemas de mobilidade ou pola distancia non podían vir á biblioteca, e que unha boa idea podía ser levarlles os libros ás súas casas. A min tamén me pareceu unha estupenda iniciativa, e así foi como a biblioteca de Meiro puxo en marcha unha novedosa oferta bibliotecaria, o préstamo a domicilio. Despois de promover a institución, -a título persoal, teño que dicir que as dúas tardes que pasamos Victoria e máis eu co Señor Paco O Rin Ran e co Señor José Santos Vilas, foron para min algo que sempre terei moi presente, e si algún día chego a vello gustaríame ter as ganas de saber, de falar e o sentido do humor destes dous homes. A verdade é que si de algo me laio nestes tres meses é de que os problemas político-burocráticos non deixaron que a biblioteca

empezase a funcionar antes.

Ademais dalgúns erros gramaticais que se me habían de escapar, o feito de que a palabra biblioteca apareza tantas veces e resaltada graficamente responde a unha razón totalmente intencionada, facer unha aclaración necesaria nestas liñas que teñen como intención principal agradecer a experiencia que tiveron a sorte de vivir na biblioteca de Meiro. Xa sei que a nivel administrativo ten a denominación de Axencia de Lectura, pero si nos atemos ao sentido moral, é unha biblioteca tan biblioteca como a Central Municipal (esta é a segunda e última vez que vou utilizar a linguaxe administrativa). Ademais se atendemos a definición que de biblioteca da o diccionario da Real Academia Galega da Lingua: "Conxunto ordenado dun número elevado de libros particulares ou destinados á lectura do público. Peza dunha casa ou edificio onde están reunidos un conxunto grande de libros para poder deles. Moble onde se colocan os libros." Só se pode entender que o de Meiro, ao menos moral e lingüísticamente, é unha BIBLIOTECA. Supoño que algúns pensarán que non é para tanto, que só é outra forma de chamarlle a un mesmó local, pero para min a palabra axencia ten un significado si non negativo, si relacionado co mundo dos cartos ou dos negocios, axencia tributaria, axencia bancaria ou axencia de seguros. Xa me dirán onde se atopan as connotacións de cultura ou de entretemento que só con escoitar a palabra biblioteca ocupan as nosas mentes, por ningures



Biblioteca de Meiro. Foto: Gonzalo Núñez.



O medo

Manuel P. Rúa

Amin o partido dime de coller o esprai e pintar 'Viva Galicia ceibe', ás doce da mañá na porta da Escola Naval de Marín, e fágoo. Pero se me obrigasen a unha folga de fame, pediría inmediatamente a baixa”.

Era unha noite de setembro de 1975. Mentres a radio do coche informaba que Francisco Franco permanecía enfermo nunha sala escura do pazo de El Pardo, o camarada responsable da célula entretíñame a travesía falando da súa querencia gastronómica, mentres eu pensaba que contos lle contarían ó ditador na súa agonía.

Eu montara á hora acordada naquel Simca 1000 que guiaba o meu comandante en xefe. Subira e tiña que interpretar un ritual executado tantas outras veces: pechar os ollos mentres el conducía. Iamos a unha reunión, pero excepto o responsable, ninguén podía saber onde se realizaba. Era a aplicación dos métodos de seguridade na loita clandestina segundo a doutrina das grandes revolucións rusa e chinesa que nós profesabamos daquela.

Quizais por dar aparencia de normalidade, aquel coche era un exemplo de camuflaxe. Na fronte, ó lado do volante, levaba os retratos redondos e dourados de dúas criaturas, e debaixo a lenda “papá, no corras”. Non faltaba detalle. Na bandexa do cristal traseiro -souvenirs do mundo traídos polos emigrantes- descansaba un tigre marelo, de plástico, con vistosas raias negras e unha cabeza en equilibrio que segundo os movementos da estrada abaneaba a babor ou estribor, sempre acenando afirmativamente.

Pasado algún tempo o vehículo detívose. Abrín os ollos e vin o reloxo. Era medianoite. Despois de camiñar por unha estreita correioira, chegábase a unha encrucillada, de alí collíase polo medio dunha veiga de millo, camiño do monte. Moi lonxe, percibíase o son do mar. Logo atopámonos cun enorme muro, que houbo que abancar. Detrás apareceu a pequena construción que no seu tempo fora un muíño e agora estaba sen uso, tomado polas hedras. Sentado na escaleira, estaba agardándonos unha terceira persoa.

Descalzámonos e entramos no túnel do rodicio. Alí, entre as pedras, alguén deixara pequenos fardos de papeis envolveitos en plástico. Na penumbra, cos pantalóns arremangados como un mariscador, o camarada xefe foi extraendo os paquetiños que despois circularon a través da cadea humana que formabamos os tres penitentes que nos xuntáramos alí para o importante cónclave.

No interior do muíño, lóbrego e cun saturado cheiro a humidade, sentados en cadanseu tallo, iluminados por dous cabos de vela como insertos nun mundo de enxebre

museo etnográfico, abrimos os paquetes de octavillas, aínda suando a tinta negra da precaria e veloz impresión, que convocaban á folga xeral con motivo dos despedimentos nunha empresa de estaleiros de Moaña.

Así era a clandestinidade da época: moita reunión, moito sono e moitísimo fume de tabaco. Aínda os cardiólogos non chegaran a ter a autoridade de hoxendía e fumar daba tal plus de respecto e categoría que un militante sen cigarro na man semellaba un ninguén.

“Non sei por que sempre temos que poñer ós traballadores nas fotografías”

-dixo o número tres da célula despois de ver a ilustración do panfleto- “con cara de mala hostia”.

Ó noso gran comandante, militante comunista exemplar ó que alcumabamos SuperStalin, non lle agradou o comentario. Apoiando cinematograficamente o cigarro nun pequeno furo da parede, a rente dun pousadoiro de pedra, dispúxose a defender o criterio da organización. Pero aquel lugar do muro resultou ser un tobo de onde saíu como un lustre, algo chamuscado, un morcego negro. O espacio aéreo do muíño, azul do fumazo, foi ocupado polos movementos eléctricos do rato voador que se desprazaba como podía, tropezaba, caía enriba de nós chiando como un endemoniado e derramándonos os panfletos polo chan.

Serían as dúas da mañá cando polo ventano do noso muíño atravesou unha pequena luz. Ficamos en silencio. O xefe ordenou apagar as velas inmediatamente e alí quedamos, intuíndonos na total escuridade, tentando zafarnos do vampiro e pensando, cada un para si, que a policía nos tiña localizado.

Aquela era unha época de tal confusión que sempre víamos policía por todas partes. En reciprocidade, a “intelixencia” policial estimaba que os catro gatos do noso partido eramos unha organización formada por un considerable número de aguerridos militantes, con tendencia a multiplicarse rapidamente, ben adestrados e dispostos a calquera cousa.

Pasaron minutos de medo e fóra escoitábanse, lonxe, algúns berros. Daquela o camarada xefe decretou facer desaparecer os panfletos. Aproveitando a roda do muíño como improvisada lareira, fomos queimando aquel material comprometedor que debería dar “cumprida resposta ós ataques da patronal que aproveitaba a agonía do ditador para explotar aínda máis á clase obreira”.

Despois de actuar coa urxencia dos fogoneiros, por se non abundase co noso cheiro como delator, eramos a

estampa dunha Santa Compañía moura. Tres pantasmas que, despois dunha última deliberación, decidiran abandonar o lugar como trasnos, cada un polo seu lado.

O capítulo aplicable das normas de seguridade informaba para estes casos que cada asistente á reunión debería ter unha coartada, non se podía aparecer en branco ante os interrogatorios da secreta e temida brigada político-social.

Tudo bem, pero ¿como explicar con verosimilitude que faciamos no medio do monte dun lugar descoñecido, ás dúas da mañá?

Imaxinaba entón un home de mediana estatura. Miúdo, enxoito e con entradas no pelo, xa tiña decidido que aquel tipo era o que me collera na estrada en autoestop. Aquel maldito desviara o coche por lugares descoñecidos para min, e...

O suxeito da miña coartada tiña semellanza con Amancio, o célebre futbolista do Real Madrid, ó que eu engadía, por un aquel de tipoloxía da maldade, un dente de ouro, as meixelas sen afeitar e unha cabicha de Celtas nos labios.

Mentres eu tecía aquela trama da lenda do sacaúntos algo modificada respecto da versión que me contara miña avoa, o grupo xa se perdera na escuridade. Unha vez que fiquei só, decidín camiñar monte abaixo.

Fun bordeando un camiño, cheguei a unha chá, había un grupo de casas e algún poste da luz de cando en vez, pero sen lámpadas. O sendeiro levaba a un regato, baixei ó seu carón e entrei nunha pequena fraga. Eran case as catro da mañá e ladraban os cans non moi lonxe.

A clandestinidade fomenta un sentido especial da valentía e transforma o medo en atrevemento. Unha vez, de noite, cruzou unha persoa mentres eu pintaba nas paredes. Sentín medo, pero aquel desvalido non facía máis ca berrar “¡boas noites!, ¡boas noites!”, coas mans en alto, a toda velocidade, fuxindo de min como dunha aparición. Portar un simple aerosol era como un esconxuro, unha medicina contra o pánico.

Pero non tiña ningún aerosol aquela noite. Escoitei outro ruído cerca e arrimeime a un canaval. Agacheime. Non vía apenas pero de repente algo avanzou a ras do chan, como un vulto pesado e moi veloz. Sentín primeiro medo, logo un impacto forte na perna e a continuación, disparos.

Tumbado e dorido, apalpando atopei unha fenda no muslo, unha ferida pola que saía sangue e un xeonllo inutilizado.

Todo o que sabía de normas de seguridade descoñecía de primeiros auxilios, aínda que había pouco participara nun curso de seguridade e hixiene no que si me ensinaron, por exemplo, a atender partos.

Arrasteime ata un claro da fraga e outra vez volví



escoitar o mar ó lonxe. Deiteime. Aterecido e con febre, volvía en cabalo ó muíño, abría a porta e descubría un pequeno calendario pendurado, cun debuxo de dous nenos, cheos de fariña, que anunciaban chocolates La Perfección, 1965. Abaixo, no mar, víanse as luces dun trasatlántico, entrando na ría.

Acordei cando unhas mulleres que subían ó monte deron comigo e apiadáronse daquela especie de farrapo de hippy ferido en tan lamentables condicións. Envolveito nunha manta, leváronme á Casa do Mar de Bueu. De camiño vin o Simca, estacionado onde quedara de noite. Así foi como souben —o turismo revolucionario é tamén unha forma de viaxar— que era Meiro a aldea onde eu chegara dende un muíño de Santiago de Ermelo.

Aquel xabarán que fora bater comigo, retirándome para sempre do fútbol, fixera antes un estrago considerable nos campos de millo da parroquia, causa da mobilización dunha partida de veciños armados para lle dar caza. “Nós pensando que era a policía”

—díxome moitos anos máis tarde o meu excamarada en xefe, diante dunha empanada de millo corvo con bacallao— “e eles tan lonxe, na barra americana de Moaña, he, he, he, seguramente investigando”.

Das dúas paisanas que franciscanamente me recolleron, nada volví saber. Non preguntaron nada, como tampouco o médico, algo bestia pero silandeiro, que fixo o traballo de recomposición da perna nos lavabos do hospital Almirante Vierna de Vigo.

Entre a dor e o medo, tampouco fora quen de imaxinar coartada algunha para explicar que facía un rapazote con feridas de escopeta, perdido de madrugada nun monte tan lonxe da casa, mentres o xeneralísimo Franco, sen saber nada, minguaba na súa cama escoitando aquela historia de que Stalin se entrevistaba cada noite con Lucifer en Siberia, no pozo dunha mina abandonada, para recibir ordes de como apoderarse do mundo...



Permacultura

Ana Fernández

A permacultura non é soamente unha maneira de cultiva-lo seu horto, senón toda unha organización do sitio no que un se atopa para cambiar profunda e pacíficamente o que aí pasa. A permacultura desborda os límites da propiedade privada, inmíscuese no que ocorre na súa vila, municipio, etc. É unha ferramenta para a autosuficiencia social e económica que está amosando a súa eficacia e gran capacidade de adaptación.

Deseñar, planificar, organizar un sitio ecoloxicamente implica ter en conta que o que se fai é para que dure, establecer un sistema a longo prazo, en vez de facer un plan para beneficio inmediato.

A permacultura é un sistema ético que ofrece alternativas éticas positivas e baséase na cooperación e non na competencia. Isto é economía solidaria.

Principios do deseño permacultural

Todo está conectado con todo.

Toda función está respaldada por moitos elementos.

Cada elemento debe servir a moitas funcións.

O deseño componse de 2 elementos, o funcional e o estético, sendo a funcionalidade a preocupación prioritaria.

O deseño é funcional se:

1. É sostible.
 2. Ofrece unha boa produción; para que isto ocorra os elementos non deben ter produtos inútiles para algún outro elemento e te-las súas necesidades cubertas a través dos demais elementos do sistema.
- A diversidade está relacionada coa estabilidade.


Dentro dos principios da permacultura está a subdivisión en zonas, as asociacións beneficiosas de plantas, o tratamento de augas grises e negras para a súa reutilización, a recolección de augas pluviais para a rega, o uso de enerxía solar e eólica para, entre outras cousas, bombear auga ó sistema de rego e para osixenar-las augas purificadas, produción de compost de refugallo orgánicos, etc.

O "Ecoliving Center" de Sydney é parte das instalacións da Universidade de Nova Gales do Sur (UNSW) e está xestionado polo Departamento de Estudos de Medio Ambiente da mesma universidade. É unha das poucas instalacións académicas que acolle-lo uso da permacultura dentro dun marco oficial de ensinanza, sendo os seus obxectivos principais:

- Por en marcha un proxecto que integre os estudos ambientais en tódalas disciplinas que se ensinan na UNSW.
- Crear un modelo funcional de permacultura e vida sostible.
- Promociona-lo ensino de prácticas de vida sostible á sociedade do contorno.
- Da-la posibilidade de experimentar unha forma de vivir ecoloxicamente sostible a estudantes, traballadores e vecinos.

A planificación establece zonas e sectores do sitio que se quere organizar. É un plan para a conservación da enerxía, deseñado para obter a mellor eficacia posible a curto e longo prazo do potencial intrínseco de cada sitio.

O edificio residencial no centro.



Pitas en Meiro.

A división en sectores emprégase para controlar eficazmente as enerxías exteriores ó sistema: o sol, o vento, a auga e o lume.

A permacultura tende a optimiza-lo potencial dos recursos existentes, pero tamén reconece os límites que poida haber. Por exemplo, só imos te-la clase e número de animais que a leira poida alimentar, vai poder produci-lo alimento que necesita polos seus propios cultivos e/o pradeiras, aínda que se poida establecer un plan de troco de productos co contorno que permita un beneficio complementario recíproco.

As zonas son:

- I. Onde vive a xente.
- II. A área que a rodea e onde se sitúa un espacio recreativo para tódalas idades, tender roupa, talleres, invernadoiros, galiñeiros, horta, a espiral de plantas culinarias, as caixoneras de propagación; todo o que necesita visitas frecuentes.
- III. A horta principal. Os cultivos comerciais e os que requiren coidados especiais, o estanque, as árbores froiteiras onde se deixan ás aves ter un acceso de semi-liberdade.
- IV. Está conectada á zona II por camiños fáciles de



Esfollando o millo. Foto Gonzalo Núñez.

transitar, con árbores froiteiras altas e de gran desenvolvemento como as nogueiras, as maceiras e as cerdeiras. Póñense plantas que as súas podas sirvan como acolchado para as árbores e de forraxe para os animais. Habará sebes, matorrais e cortaventos. Se se teñen cabras, ovellas, gansos, pavos e coellos é aquí onde se lles deixa pastorear libremente para fornecerse. As colmeas de abellas tamén se poñen nesta zona.

- V. Aquí faise o cultivo extensivo de árbores e de pastos descubertos (30% cada un aproximadamente), unha devesa con sebes de plantas moi rústicas e a miúdo con espiñas para construír un valado e barreira de protección. Os animais adecuados para esta zona son os cabalos, os burros, os pavos, os cervos, as chamas, etc. O tamaño do gando será proporcional ó penso, á comida para eles que a leira poida xerar. Habará pasto onde os animais poidan ser capaces de comer de forma autónoma. As necesidades de auga para beber, de rego, de acolchado e outras tarefas de mantemento deben ser mínimas nesta zona.

- VI. A área salvaxe, máis ou menos extensa, onde a vexetación, os animais e os insectos teñen a posibilidade de perennizarse, de servir de refuxio a predadores e outros animais, insectos benéficos e útiles ás outras zonas gracias á súa soa presenza (ourizos, rapaces, cóbregas, xoaniñas, etc.), terase coidado en poñer plantas nutritivas para os insectos útiles e outros invitados do reino animal.

Analizaranse as enerxías subterráneas que teñen a súa influencia nas plantas, nos animais e nas persoas.

As intervencións constructivas basearanse nos principios de bioconstrucción e respectando o proxecto arquitectónico orixinal no seu conxunto.



Esfollando o millo. Foto Gonzalo Núñez.



Fragmentos

Xabier Alcalde

Un destino marcado pola imposibilidade de conciliación é a verdade que tal vez nos poida achegar á posición adecuada para colixi-lo enguedellado e turbulento espectáculo do humano. Esa visión humilla a nosa capacidade de discernimento, pero excita a ansia de saber na que a insensatez dun esforzo sen remate e a vontade de risco non están separados da com-paixón que inspira todo ser que se sabe inacabado e perecedoiro. O sufrimento, como principal acicate do espertar, exprésase na palabra do que quere escoita-las tonalidades infundas da esgazadura que nos define; por iso o coñecemento é traizón á humanidade cando evita as escuras cárcavas das que xorde o clamor. O verdadeiro, o que persiste dándolle densidade e espesura á existencia, hai que o buscar no lugar onde a soidade e a impotencia avivecen o fulgor do ser ante a fría noite da morte. A mentira foxe das tebras e o tremor fatuo trama idolatrías que buscan na luz dunha esperanza adquirida ó prezo da dignidade, a mesma que no sufrimento habitado atopa sempre a oportunidade da coraxe.

Somos un espacio permanentemente labrado polo inconciliable; atravesados pola contradicción exaltamos ese estado primordial do ser que se fai ó se desfacer coa alegría emanada do arduo gozo que nos outorga a creación ata que á imposibilidade nos ausenta no morrer. Habitamos no máis abrupto para a lírica do peor, desde alí argallámo-lo encontro cos que non escoitan o imperativo de urdir abstraccións que enchan esa ausencia absoluta na que a morte nos sumiría se as pegadas deixadas polas xestas da paixón non quedasen gravadas na memoria das testemuñas dos nosos ardentes desvelos.

O home que rende a súa existencia ó principio de rendibilidade e o proveito, condensa na súa renuncia o optimismo e o pesimismo como formas paralelas do subterfuxio polo que se foxe da complexidade insoluble deste ser inacabado e perecedoiro que somos.



Exposición Etnográfica no V Encontro.



A Cabalgata

Francisco Estévez García

Día cinco de Xaneiro
non vin outra como ela
a Cabalgata de Meiro
que pasou pola Portela.

Como lle gustou bastante
ós veciños da Portela
tamén foron saludar
ós que viven na Cacela.

*Era, era ó pasar a Portela
eilo, eilo a Cabalgata de Meiro.*

Ó chegar a Cabalgata
a donde estaba a parada
ós Reis deron os regalos
non hubo falta de nada.

Deron chocolate e churros
para comer o que ti queiras
e houbo quen me axudou
a baixar as escaleiras.

*Era, era ó pasar a Portela
eilo, eilo a Cabalgata de Meiro.*

Non ha fixeron na Graña
nin tampouco no Outeiro
para facela hai que contar
coa boa xente de Meiro.

Meiro chega a moitas cousas
cousas que eu ben recordo
por que xa ten biblioteca
e Festa do Millo Corvo.

*Era, era ó pasar a Portela
eilo, eilo a Cabalgata de Meiro.*

Con este lugar de Meiro
é difícil competir
que teñen Asociación
Deportiva e Xuvenil.

Por hoxe non lle digo máis
vou a deixar para outro día
pídelles que sigan ven
Francisco Estévez García.

*Era, era ó pasar a Portela
eilo, eilo a Cabalgata de Meiro.*

